

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

Bases do I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña

Por resolución do Presidente da Deputación número 9711, do 11 de marzo de 2024, aprouse a convocatoria do I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña que se desenvolverá segundo as seguintes

BASES

1.- Participantes

O I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña vai dirixido a nenos/as nados entre 2010 e 2015 que estean en posesión de licenza federativa para a tempada 2023-2024 coa Federación Galega de Baloncesto, e que non teñan sanción de ningunha clase na data fixada para a inscrición, pertencentes a equipos de baloncesto de clubs con domicilio fiscal na provincia da Coruña, legalmente constituídos antes da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, nas seguintes categorías:

Categorías	Anos de nacemento
Preminibasquet	2014 - 2015
Minibasquet	2012 - 2013
Infantil	2010 - 2011

Cada club poderá inscribir un máximo de tres equipos, dando prioridade aos clubs sen ningún equipo inscrito.

Cada equipo estará integrado por un máximo de catro xogadores e un mínimo de tres xogadores e un responsable de equipo que terá que ser un representante do club, con licenza federativa e maior de idade.

Estará permitida a substitución de tan so un integrante por equipo, ao longo de todo o Circuito, por causa xustificada e solicitude ante a organización da Federación Galega de Baloncesto.

2.- Inscricións

As inscricións de cada equipo para a participación no I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña serán realizadas por cada club a través da plataforma web habilitada pola Federación Galega de Baloncesto portal do club <https://www.fegaba.com/>

As inscricións realizaranse 20 días antes da celebración da proba.

Cuota de inscrición: será de balde.

Datos das inscricións:

Nome e localidade do club.

Nome do/a responsable. (Obrigatorio maior de idade e licenza federativa co club da Federación Galega de Baloncesto).

Teléfono do/a responsable.

Enderezo electrónico do/a responsable.

Nome e apelidos dos/as integrantes do staff técnico.

Teléfono dos/as integrantes do staff técnico.

Nome e apelidos dos xogadores/as.

Data de nacemento dos xogadores/as.

Aceptación das normas que regulan a competición.

Declaración que non existe ningún impedimento deportivo ou legal para a súa participación no Circuito.

Na ficha de inscrición, a Federación Galega de Baloncesto incluíra o texto legal alusivo a protección de datos, así como a autorización de cesión de datos á Deputación Provincial da Coruña sobre os contidos fotográficos como audiovisuais dos eventos.

Os equipos poderán inscribirse para unha ou dúas das sedes da Fase previa, tendo en conta sempre que a clasificación para a Fase final será polo sumatorio dos puntos conseguidos nas dúas primeiras sedes.

Poderanse inscribir un máximo de 16 equipos por categoría e sede.

No caso de equipos que se inscriban nas dúas sedes da Fase previa, causen baixa nalgunha sede, entrarán os equipos da lista de reserva e por orde de inscrición.

3.- Lugares e datas de celebración.

O I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña terá lugar en tres concellos sede da provincia da Coruña, de acordo co seguinte:

Sede 1.- Fase previa: Concello de Carballo, data: 18 de maio de 2024.

Sede 2.- Fase previa: Concello de Ordes, data: 25 de maio de 2024.

Sede 3.- Fase final: Concello de Brión, data 29 de xuño de 2024.

Os partidos celebraranse os fins de de semana, prioritariamente en exteriores, en xornada única e en horario de mañá e tarde.

O xoves anterior á data de celebración a organización confirmará a celebración do evento, unha vez estudadas as previsións metereolóxicas.

As datas previstas poderán ser modificadas, previa petición razoada e autorización da Deputación da Coruña.

4.- Competición

O I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña consta dunha Fase previa, con dúas sedes, na que participarán cun máximo de 16 equipos por sede e categoría, e unha Fase final, cunha sede, na que participaran os mellores 16 equipos da Fase previa de cada unha das tres categorías.

Fase previa: Sedes 1 e 2

Participarán ata un máximo 16 equipos por categoría.

Xogarase en forma de liga de grupos, en grupos de máximo catro equipos, establecidos por sorteo puro e a dobre volta.

Determinarase un Campión, un Subcampión e un terceiro clasificado, en cada sede, nesta Fase previa, que se establecerán segundo o marcado no Regulamento oficial do Circuito.

Puntuacións: Partido gañado: dous puntos.

Partido perdido: un punto.

Fase final: Sede 3

Participarán os 16 mellores equipos de cada categoría, en base aos por puntos sumados nas dúas sedes da Fase previa.

O formato de xogo será de Play-Off, con cabezas de serie que se establecerán en función da clasificación na Fase previa, e o resto de equipos por sorteo puro.

Os equipos poderán inscribirse nunha sede da Fase previas ou na dúas, e computará para o acceso á Fase final o sumatorio dos puntos acadados.

5.- Regulamento do torneo.

Para o I Circuito Baloncesto 3x3 Deputación da Coruña a modalidade de xogo será Baloncesto 3x3 e aplicarase o Regulamento FIBA 3x3.

6.- Árbitro.

Designarase un equipo arbitral para dirixir cada partido.

7.- Responsable.

Cada equipo deberá ter unha persoa responsable maior de idade, con licenza federativa co club do equipo de referencia da Federación Galega de Baloncesto.

8.- Premios

Establécese un fixo por participar de 90 € por equipo e sede.

Fase previa: Concederanse os seguintes premios para cada unha das tres categorías, en cada sede:

- * Campión: 1 trofeo e 5 medallas.
- * Subcampión: 1 trofeo e 5 medallas.
- * Terceiro clasificado: 1 trofeo e 5 medallas.

Fase final: Concederanse os seguintes premios para cada unha das tres categorías:

- * Campión: 1 trofeo e 5 medallas + vale por importe de 300 € para a compra de material deportivo en establecementos da provincia da Coruña.
- * Subcampión: 1 trofeo e 5 medallas + vale por importe de 200 € para a compra de material deportivo en establecementos da provincia da Coruña.
- * Terceiro clasificado: 1 trofeo e 5 medallas + vale por importe de 100 € para a compra de material deportivo en establecementos da provincia da Coruña.
- * Cuarto clasificado: 5 medallas.

A Coruña, 11 de marzo de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil

2024/2994